

Querido diario

Ola o me nome é Carlota , levo un par de anos pensando se facer un diario e hoxe 28 de Xuño decidínme . Decidín facelo hoxe pois mudeime a Lalín un pobo de Pontevedra .

Todo é moi raro pois viñera a Lalín unha soa vez pois foi un equipo contra o que xogamos pois xogo ao fútbol nun equipo de Lugo ,A Milagrosa .

Todo vai ser moi raro pois cambieime de instituto e so de pensar que vou meterme nun equipo contra o que tiñamos moita rivalidade asústame pois ao mellor lémbreme e xa non ian querer xogar comigo pois tiñamos moitos piques entre nos .

Eu ao chegar fun a nosa nova casa e o primeiro que fixen foi ir e tirarme na cama pois sentíame estraña . Chegamos as 19.45 non daba tempo a desfacer as caixas coa mudanza deixámolo para o día seguinte . Ese día decidín non cear e so tomei un batido de chocolate .

Estiven todo o que quedaba de noite pensando en como sería vivir en Larín pois para a miña nai era mellor pois tiña un traballo que cubría perfectamente os gastos necesarios .